

[Versión en ESPAÑOL](#)

[ENGLISH version](#)

CONCURSO PÚBLICO NÚMERO 18/2019

RESOLUCIÓN 18/2019, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO PUBLICO DE MÉRITOS, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL QUE ESPECIFICAMENTE COLABORE NAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN QUE FIGURAN NO ANEXO DESTA RESOLUCIÓN.

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público de méritos Nº 18/2019, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran no [anexo](#) desta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes **bases**.

BASES DA CONVOCATORIA

1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará e traballará específica e unicamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado, que é de carácter finalista e en todo caso non estrutural, mediante o financiamento externo a través da participación en convocatorias públicas ou privadas, subscripción de convenios, concesión de subvencións, etc.

A forma de provisión será a de concurso de méritos, a través da valoración dos criterios de baremación establecidos para cada praza.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais

celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo poderán participar os nacionais de países non membros da Unión Europea ou que non estean incluídos no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Non obstante a formalización do contrato laboral con estes nacionais queda condicionada a que os aspirantes teñan concedida a excepción ou permiso de traballo e residencia legal en España.

- Ter cumpridos os 16 anos.
- Estar en posesión da titulación/s válida/s en España que se indique/n no anexo da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

3.-PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/contratacion.htm>). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela <https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/aspectosTecnicos.htm> . A documentación complementaria presentarse electrónicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

O prazo de presentación de solicitudes será de SETE (7) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria. A solicitude irá asinada polo interesado.

4.-DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que se indica, que deberá ser presentada a través da Sede Electrónica:

4.1.-DOCUMENTO EN FORMATO PDF. DO CURRICULO VITAE, DESTACANDO OS MERITOS QUE SE ESTABLECEN COMO CRITERIOS DE VALORACIÓN E QUE FIGURAN, PARA CADA PRAZA EN CONCRETO, NO ANEXO DA CONVOCATORIA.

4.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE NA QUE O INTERESADO MANIFESTA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE CUMPRE OS REQUISITOS E QUE PODE ACREDITALOS NA DATA FIN DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A Universidade poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos, segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos

cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

3

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida, determinará a non selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas aquel houbera lugar.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que poderá consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>, con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de **TRES (3) días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que que motivaron a súa exclusión.

A subsanación farase **UNICAMENTE** a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Santiago de Compostela.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Esta listaxe poderase consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/-listaxe.htm>.

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

6.-COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente/a: O/A xefe/a do Servizo de Xestión Actividades de I+D ou persoa na que delegue.

Secretario/a: O/A xefe/a do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D o u persoa na que delegue

Vogais:

O/A xefe/a de Sección de Convocatorias e Programas de I+D

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

7.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase en dúas fases atendendo ao seguinte procedemento:

FASE I

I.-O investigador propoñente da praza, á vista das solicitudes e currículos presentadas así como dos criterios de baremación publicados, deberá presentar á comisión de selección un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

FASE II

II.-A comisión de selección tendo en conta o informe razoado do investigador propoñente, os currículos presentados e os criterios de baremación publicados, elaborará a proposta de adxudicación, que elevará ao reitor.

III.-A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

IV.-Publicarase unha **resolución de adxudicación**, que se poderá consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>.

8.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

O persoal contratado a través desta convocatoria adicarase en exclusividade á realización das actividades propias do proxecto/actividade de investigación que orixinase a convocatoria, polo que a duración da contratación está vinculada directamente á propia vida do proxecto/actividade específica así como á existencia de financiación concreta derivada do mesmo.

Os contratos terán carácter laboral temporal e realizaranse preferentemente baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado/ para a realización dun proxecto específico de investigación, ou de acordo co que se dispoña no anexo do contrato convocado, baixo calquera das modalidades contractuais temporais ou formativas previstas na lexislación laboral vixente.

A retribución bruta dos contratos é a especificada, para cada caso concreto, no anexo da convocatoria. O contrato implicará ademais a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social. Os importes contemplados poderán sufrir as variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobreviñidas non previstas inicialmente.

9.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

10.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

11.-INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto ao seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

12.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que figuran, para cada contrato en concreto, no anexo desta convocatoria.

13.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven, que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse o taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>), única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo

anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6

Santiago de Compostela, 18 de julio de 2019

Por delegación do Reitor

(Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)

O Vicerreitor de Investigación e Innovación,

Vicente Pérez Muñuzurri

(Documento asinado dixitalmente)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Xacobeo 2021



Convocatoria pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG062

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación - MODALIDADE D 2016 <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	
Investigador principal	Fañanás Mastral, Martín	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Síntese asimétrica de bis(alil)boronatos por catálise metálica e reaccións de oxidación	
Funcións a realizar	Preparación de complexos de cobre , Avaliación da actividade catalítica destes complexos en reaccións de borilación , Síntese e caracterización de bis(alil)boronatos e 1,4-dioles	
Retribución bruta mensual	1108,69 €	
Duración do contrato*	2 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (25,00 horas semanais) 10:00 13:00 17:00 19:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Grao en Química	20
Ítem nº 2	Experiencia en reaccións de borilación catalizadas por cobre	30
Ítem nº 3	Experiencia na síntese de dendralenos	40
Ítem nº 4	Determinación estrutural de moléculas orgánicas e organometálicas	10

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria Pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG063

2

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1736 Medicina Xenómica (GMX) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Instituto de Ciencias Forenses 'Luis Concheiro'	
Investigador principal	Carracedo Álvarez, Ángel María	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Métodos de diagnóstico xenérico de mostras en xenética forense, extracción e cuantificación de ADN e análises de marcadores xenéticos en mostras de xenética forense	
Funcións a realizar	Extracción de ADN en mostras forenses utilizando métodos manuais e automáticos de extracción , Cuantificación de ADN de mostras forenses , Tipado de marcadores xenéticos (STRs) en mostras forenses , Manexo de secuenciadores automáticos para a análise de mostras forenses	
Retribución bruta mensual	1193,97 €	
Duración do contrato*	6 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:30 14:30 17:00 19:00	
Categoría laboral	Axudante de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Ciclo Superior de Formación Profesional/Bacharel ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Experiencia ou coñecemento en técnicas de bioloxía molecular	40
Ítem nº 2	Técnico especialista en laboratorio FP II	10
Ítem nº 3	Asistencia a cursos de formación relacionados con técnicas de bioloxía molecular ou xenética forense.	10
Ítem nº 4	Coñecementos de inglés. B1	10
Ítem nº 5	Conocimientos de Ofimática. Paquete Office o equivalentes	5
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria Pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG086

3

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-2132 Química supramolecular e nanotubospeptídicos (QSNTTP) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	
Investigador principal	Granja Guillán, Juan Ramón	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Síntesis de compuestos orgánicos mediante métodos sintéticos en fase sólida y en disolución Caracterización de compuestos preparados Preparación de complejos de Pt	
Funcións a realizar	Síntesis de gamma-aminoácidos , Síntesis de pépticos cíclicos , Purificación mediante métodos cromatográficos , Caracterización mediante estudos de RMN, Ms, dicroísmo,	
Retribución bruta mensual	900 €	
Duración do contrato*	4 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (20,00 horas semanais) 10:00 12:00 16:00 18:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Grao en química	30
Ítem nº 2	Master en química orgánica	15
Ítem nº 3	Expediente académico	15
Ítem nº 4	Experiencia en síntesis orgánica, de péptidos cíclicos y de complejos de Pt	20
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 60 puntos.	20

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 18/2019
REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG094

4

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-2033 Teoría e Fenomenoloxía de Partículas, Astropartículas, Campos e Cordas (TEOPACC) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Instituto Galego de Física de Altas Enerxías	
Investigador principal	Miramontes Antas, José Luis	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Análise de datos do Observatorio Pierre Auger. Análise de datos de cascadas inclinadas. Estudo das flutuacións en número de muóns. Análise de simulacións de neutrinos. , Actualización e mantemento do repositorio local de datos do Observatorio. Completar, importar e organizar simulacións actualizadas, principalmente de cascadas inclinadas e de neutrinos. , Axuda na supervisión de traballos de graduación, posgrao e doutorado Participación nos turnos de recollida de datos e verificación de datos do Observatorio.	
Funcións a realizar	Análise de datos de cascadas inclinadas. Estudo das flutuacións en número de muóns. Análise de simulacións de neutrinos. , Actualización e mantemento do repositorio local de datos do Observatorio. Completar, importar e organizar simulacións actualizadas, principalmente de cascadas inclinadas e de neutrinos. , Axuda na supervisión de traballos de graduación, posgrao e doutorado Participación nos turnos de recollida de datos e verificación de datos do Observatorio.	
Retribución bruta mensual	2000 €	
Duración do contrato*	14 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:00 14:00 16:00 18:00	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a,		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Publicacións en revistas internacionais sobre temas de Astrofísica de Partículas, e particularmente na análise de datos do detector de superficie do Observatorio Pierre Auger	30
Ítem nº 2	Experiencia informática. Experiencia en procesamento e programación de datos. Coñecemento de linguaxes de programación. Valoraranse positivamente o coñecemento do software específico necesario para a análise dos datos do Observatorio Auger como Root e Offline	30
Ítem nº 3	Estancias postdoctorales: Mínima unha estada postdoctoral de polo menos dous anos	20
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 2 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 60 puntos.	20

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG096

5

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1637 Visión Artificial (GVA) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	
Investigador principal	Cabello Ferrer, Diego	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Adaptación e mellora de TagMaker, aplicación para anotación colaborativa de imaxes dentro do ámbito médico	
Funcións a realizar	Adaptación de TagMaker al entorno de trabajo médico e mellora do interfaz de usuario , Adaptación de TagMaker a distintos entornos; pc y tablet , Ampliación de Tagmaker para la anotación colaborativa de distintos tipos de objetos , Realización de probas de funcionamento , Manual de documentación e instalación de TagMaker	
Retribución bruta mensual	1244,91 €	
Duración do contrato*	2 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (28,00 horas semanais) L. 09:00-14:00, M. 09:00-14:00, 16:00-19:00, Me. 09:00-14:00, X. 09:00-14:00, V. 09:00-14:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Titulación de Graduada/o en enxeñaría informática	30
Ítem nº 2	Coñecemento de conceptos técnicos asociados as aplicacións de anotación de imaxes: manexo de imaxes, desenvolvemento de aplicacións, deseño de interfaces	30
Ítem nº 3	Nota media expediente académico	20
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	20

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria Pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG102

6

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1611 Química Biolóxica e Supramolecular (BCS) Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	
Investigador principal	Mascareñas Cid, José Luis	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Análise de indicadores e elaboración de informes e memorias. Xestión estratéxica e económico-administrativa dos proxectos do grupo GI-1611. Xestión dos recursos asociados á investigación do grupo	
Funcións a realizar	Actualización dos resultados acadados e xestión de recursos para os proxectos de investigación en Química Biolóxica do grupo Seguimento da xestión técnica, económica e administrativa do grupo de investigación Supervisión da xestión de recursos humanos do grupo de investigación	
Retribución bruta mensual	1819,39 €	
Duración do contrato*	4 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:30 13:30 14:30 17:30	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Doutoramento en Química, preferentemente na área de Orgánica e/ou Biolóxica. Expediente académico	20
Ítem nº 2	Experiencia internacional en proxectos de investigación nas áreas de biomedicina, química biolóxica e química orgánica sintética. Participación en proxectos europeos	20
Ítem nº 3	Traxectoria investigadora: publicacións en revistas químicas de alto impacto con revisión por pares (JACS, ANIE,...), estadias, bolsas e contratos de investigación	15
Ítem nº 4	Experiencia previa na xestión de laboratorios dedicados á química orgánica e biolóxica	10
Ítem nº 5	Coñecementos de idiomas. Inglés, nivel C1. Galego, nivel CELGA-4. Valoraranse outros idiomas adicionais acreditados (Alemán, Francés, Portugués e/ou Italiano)	10
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 2 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 55 puntos.	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG034

7

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2018 GRC GI-1487 Grupo de Materiais Cuánticos e Fotónica (QMatterPhotonics) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Físicas	
Investigador principal	Liñares Beiras, Jesús	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Medidas de propiedades estruturais e de transporte eléctrico en películas nanométricas híbridas superconductor-piezoeléctrica e análise de datos en termos de modelos de campo medio e flutuacións térmicas	
Funcións a realizar	Medidas de difracción de raios X en materiais híbridos superconductor-piezoeléctrico en condicións crioxénicas e con excitacións transversais piezoeléctricas. , Medidas de resistencia eléctrica continua (DC) en híbridos superconductor-piezoeléctrico en condicións crioxénicas con excitacións transversais piezoeléctricas. , Análise dos datos das medidas en termos de modelos de campo medio e flutuacións térmicas para obter os efectos de dimensionalidade reducida	
Retribución bruta mensual	1590 €	
Duración do contrato*	1 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:00 13:00 16:00 19:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Titulación de Grao universitario en Física	25
Ítem nº 2	Experiencia na técnica de medida por difracción de raios X en condicións crioxénicas	25
Ítem nº 3	Experiencia na técnica de medida de transporte eléctrico en híbridos superconductor-piezoeléctrico	25
Ítem nº 4	Formación e/ou coñecementos de teorías de materiais en dimensións reducidas	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG080

8

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2018 GPC GI-1291 Análise e Conservación da Biodiversidade (1291) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Farmacia	
Investigador principal	Ortiz Núñez, Santiago	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Redación e coordinación solicitude de proxecto na convocatoria europea BIODIVERSA. Purificación de ADN xenómico de Santolina melidensis.PCRs en ADN de Santolina melidensis	
Funcións a realizar	Redación e coordinación solicitude de proxecto na convocatoria europea BIODIVERSA. Purificación de ADN xenómico de Santolina melidensis.PCRs en ADN de Santolina melidensis	
Retribución bruta mensual	1690 €	
Duración do contrato*	2, 5 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:15 14:15 16:15 18:15	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Licenciatura en Biología	20
Ítem nº 2	Experiencia en traballos taxonómicos de base molecular con especies vexetais	30
Ítem nº 3	Cofecementos en proxectos de convocatorias públicas de conservación de flora y biodiversidad	30
Ítem nº 4	Experiencia en traballos de reintroducción e conservación de flora ameazada de Galicia	20

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Convocatoria pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG096.00

9

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Estudio de prácticas sostenibles para la gestión de fertilizantes en explotaciones agrarias eficientes - GRUPOS OPERATIVOS AUTONÓMICOS 2018 <i>Este contrato está financiado con cargo ás axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), subvencionado pola Consellaría de Medio Rural, e conta co financiamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, no marco da convocatoria 2018.</i>	
Centro de Traballo	Instituto Universitario de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)	
Investigador principal	López Mosquera, María Elvira	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Establecemento de ensaios de solo en columna, de xerminación e crecemento con extractos de algas, e elaboración de publicacións	
Funcións a realizar	Deseño, establecemento e seguimento de probas , Obtención de datos e tratamento , Realización de informes e publicacións	
Retribución bruta mensual	800 €	
Duración do contrato*	2 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (15,00 horas semanais) 10:00 13:00	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Experiencia en xestión de residuos	25
Ítem nº 2	Master en investigación agraria e forestal	25
Ítem nº 3	Aproveitamento dos recursos mariños na agricultura	25
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 2 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Unión Europea

Fondo Europeo Agrícola
de Desarrollo Rural

Europa invierte en las zonas rurales




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Xacobeo 2021



Convocatoria pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG096.01

10

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Estudio de prácticas sostenibles para la gestión de fertilizantes en explotaciones agrarias eficientes - GRUPOS OPERATIVOS AUTONÓMICOS 2018 <i>Este contrato está financiado con cargo ás axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), subvencionado pola Consellaría de Medio Rural, e conta co financiamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, no marco da convocatoria 2018.</i>	
Centro de Traballo	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría	
Investigador principal	López Mosquera, María Elvira	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Correlación de imaxes dixitais en probas de caracterización mecánica de madeira e pavimentos a base de solo estabilizado con residuos agroindustriais	
Funcións a realizar	Preparación DIC para o solo estabilizado , Realización de probas de estabilización de solo , Conclusións DIC en 2D e 3D	
Retribución bruta mensual	1244.91 €	
Duración do contrato*	1 , 5 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:00 14:00 16:00 18:00	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes Diplomado/a ou Enxeñeiro/a Técnico/a ou titulacións anteriores equivalentes Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Licenciado en Enxeñaría Técnica en topografía	30
Ítem nº 2	Publicacións científicas en teledetección	10
Ítem nº 3	Experiencia profesional non docente na área de xeomática	15
Ítem nº 4	Outros méritos relacionados a cursos de CAD	10
Ítem nº 5	Outros méritos relacionados coa posesión do máster en xestión de proxectos	10
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria Pública 18/2019
REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG106

11

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	InVerbis: díselo en palabras - IGNICIA 2018 <i>Este contrato está apoiado pola Axencia Galega de Innovación e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante a Resolución do 18 de abril de 2018 pola que se establecen as condicións xerais do Programa Ignicia Proba de Concepto e se procede á súa convocatoria (DOG nº 89, do 9 de maio de 2018), no marco do proxecto "InVerbis: díselo en palabras". PROXECTO INVERBIS-IGNICIA 2018 (2018-PG106).</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	
Investigador principal	Barro Ameneiro, Senén	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Analítica de procesos mediante técnicas de Intelixencia artificial en contornas Big Data	
Funcións a realizar	Desenvolvemento e despregamento dunha arquitectura de microservizos nunha contorna Big Data , Adaptación de algoritmos para a extracción de analíticas de negocio , Validación	
Retribución bruta mensual	1850,00 €	
Duración do contrato*	6 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:00 14:00 16:00 18:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Coñecementos sobre técnicas de Intelixencia artificial	40
Ítem nº 2	Experiencia no desenvolvemento de arquitecturas baseadas en servizos	35
Ítem nº 3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 90 puntos.	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria Pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2019-PG004

12

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	CONSOLIDACIÓN 2019 GPC GI-1414 Avaliación e tratamento das adiccións, dostrastornos alimentarios, doestado de ánimo e psicoloxía da saúde – Tratapsicolóxico <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Psicoloxía	
Investigador principal	Becoña Iglesias, Elisardo Manuel	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Avaliación psicolóxica de fumadores. Intervención psicolóxica con fumadores. Análise de datos con SPSS. Redacción de artigos científicos	
Funcións a realizar	Avaliación psicolóxica de fumadores , Intervención psicolóxica con fumadores , Análise de datos con SPSS , Redacción de artigos científicos	
Retribución bruta mensual	1350 €	
Duración do contrato*	4 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (25,00 horas semanais) 10:00 13:00 16:00 18:00	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Habilitado ou Master en Psicoloxía Xeral Sanitaria	20
Ítem nº 2	Experiencia práctica en avaliación e tratamento de fumadores	20
Ítem nº 3	Manexo de base de datos e análise estadístico co SPSS	15
Ítem nº 4	Experiencia en redacción de artigos científicos	20
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria Pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2019-PG007

13

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación 2019 GPC GI-1466 Psicoloxía do consumidor e usuario - USC-PSICOM <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Psicoloxía	
Investigador principal	Varela Mallou, Jesús	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Apoio técnico na elaboración de enquisas (diseños mostraos, coordinación de traballo de campo, explotación de datos) Realización de revisións sistemáticas e Desk Research para a elaboración de proxectos , Analise de datos estadísticos (tabulación, traficado e analise multivariante) , Coordinación do traballo de campo , Elaboración de presentacións executivas	
Funcións a realizar	Realización de revisións sistemáticas e Desk Research para a elaboración de proxectos , Analise de datos estadísticos (tabulación, traficado e analise multivariante) , Coordinación do traballo de campo , Elaboración de presentacións executivas	
Retribución bruta mensual	1000 €	
Duración do contrato*	17 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (22,50 horas semanais) L. 09:30-14:00, M. 09:30-14:00, Me. 09:30-14:00, X. 09:30-14:00, V. 09:30-14:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	grado en Psicoloxía	20
Ítem nº 2	Master Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicología Jurídica-Forense e Intervención Social	20
Ítem nº 3	Formación específica en Metodoloxía da investigación social	20
Ítem nº 4	Manexo de SPSS, R, Lisrel e Office avanzado	20
Ítem nº 5	Participación en traballos de investigación no eido da xestión sanitaria y realización de encuestas de salud	20

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 18/2019
REFERENCIA DA PRAZA: 2019-PG010

14

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	CONSOLIDACIÓN 2019 GPC GI-1586 Química Biofísica, Fotofísica e Espectroscopía -Química Biofísica <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	
Investigador principal	Rodríguez Prieto, María Flor	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Caracterización e análise fotofísico de especies fluorescentes	
Funcións a realizar	Preparación de mostras , Medidas espectroscópicas de fluorescencia , Análise e interpretación de datos , Redacción de informes e artigos científicos	
Retribución bruta mensual	1500 €	
Duración do contrato*	2 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 10:00 14:00 16:00 19:00	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC.		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Experiencia na utilización de técnicas de fluorescencia de estado estacionario e con resolución temporal	25
Ítem nº 2	Experiencia na análise de procesos cinéticos mediante técnicas espectroscópicas de alta resolución temporal	25
Ítem nº 3	Publicacións científicas relacionadas co estudo de procesos fotofísicos	25
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria Pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2019-PG011.00

15

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	CONSOLIDACIÓN 2019 GPC GI-1618 Tecnoloxías para o Desenvolvemento de Bioproductos Industriais – TIBD <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	
Investigador principal	Moreira Martínez, Ramón Felipe	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Posta a punto de protocolos de determinación de actividades antioxidantes de extractos de algas	
Funcións a realizar	Avaliación de actividades antioxidantes (ABTS, DPPH, FRAP) , Extracción de compoñentes bioactivos , Cromatografía HPLC , Fraccionamento de polifenóis , Escribir informes.	
Retribución bruta mensual	1860 €	
Duración do contrato*	2 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (27,50 horas semanais) L. 09:00-14:30, M. 09:00-14:30, Me. 09:00-14:30, X. 09:00-14:30, V. 09:00-14:30	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Doctor en Química ou Enxeñaría Química	20
Ítem nº 2	Publicacións JCR sobre antioxidantes	55
Ítem nº 3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria Pública 18/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2019-PG011.01

16

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	CONSOLIDACIÓN 2019 GPC GI-1618 Tecnoloxías para o Desenvolvemento de Bioproductos Industriais – TIBD <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	
Investigador principal	Moreira Martínez, Ramón Felipe	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Extracción e caracterización de polifenois de algas pardas.	
Funcións a realizar	Ensaio de bioactividade de polifenois , Ensaio de cromatografía HPLC , Extracción de bioactivos , Extracción de alxinatos de algas pardas , Elaboración de informes técnicos	
Retribución bruta mensual	1240 €	
Duración do contrato*	2 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (27,50 horas semanais) L. 09:00-14:30, M. 09:00-14:30, Me. 09:00-14:30, X. 09:00-14:30, V. 09:00-14:30	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
